

**EN COMPOSTELA**

**Unha importante xuntanza do noso Consello Nacional**

Unha nova Xuntanza do noso Consello Nacional. Outra xornada de traballo intenso, ordeado e fecundo sen dúbida dos irmáns que compoñen o noso máis outro Orgaismo rector.

Quixéramos, como de cote, poñer uns comentarios ledos, espranzados e cheos de fé na xurdia laboura do noso Consello. Mais hai outros sentimentos que o anegan todo e non os deixan vir aos puntos da pruma.

A íles acuden n-ista ocasión verbas de fonda door. Verbas de fondo sentimento pola perda do Maestro e irmán querido, como aquiles, emocionadas e sentidas con que o noso Segretario Xeral deu comenzo á xuntanza.

Que a súa vida exemplar, integramente consagrada á Terra e á súa Causa señan guieiro dos nosos afáns patrióticos.

E que todos atendan, con entusiasmo e fervor, todas e cada unha das decisións do noso Consello.

¡Adiante e Terra, irmáns!

**Irmáns presentes**

A xuntanza, por mor d-unha pequena avería sufrida polo coche do irmán Segretario xeral, comenza con retraso.

E a unha cando Gómez Román ocupa a presidencia e o Consello fica axuntado.

Están presentes, ademais do Segretario xeral: os Segredarios Político, de Propaganda, de Relacións internacionais e de Organización, irmáns Castelao, Alvarez Gallego, Plácido R. Castro é Bóveda; os Conselleiros de A Cruña, Pontevedra, Santiago, Lugo, Vigo e Sada, irmáns Alvaro Xil, Rodríguez Castelao e Teixeira, Fernández Oxea, e Xohán Suárez Picallo, e os representantes dos galeguistas de Bos Aires e Montevideo, irmáns Ramón Obella e Ramiro Illa Couto.

Pola Redacción de A NOSA TERRA, acude o irmán Víctor Casas.

**Lembranza de Vilar Ponte**

As primeiras verbas do noso Segretario xeral son pra lembrar que hoxe acude á xuntanza un menos: o Maestro e irmán Vilar Ponte, que viña obtentando no Consello a representación de A Cruña.

A emoción tronza as súas verbas e o Consello garda en pé un longo, conmovedor e espontáneo silencio.

Cando o irmán G. Román pode seguir alude a íl pra decir que o sinxelo e humilde homaxe que o Consello lle acaba de tributar é revelador e val máis que cantas oracións necrolóxicas poderan adicárselle. O noso irmán e Mestre consagrado á Terra toda unha vida xenerosa, e consagrandoa labrou a súa gloria. Cos Precusores, o irmán Vilar pasa a formar parte do retablo dos nosos devanceiros. Que o seu exemplo nos sirva de guieiro e proel...

**Agradecimento e acordos**

O Consello acorda que conste en acta a súa door e a de toda Galicia pola morte do ilustre irmán e facer público o seu agradecimento fondo polas constantes e sineiras manifestacións de pésame que o partido está recibindo de siñificadas persoalidades Institucións de Cataluña, Valencia, Vasconia e Madrid, pola perda do fundador das «Irmandades da Fala», primeiro paso do Movemento que hoxe representa o Partido Galeguista.

**Loito do Partido**

A proposta do irmán Fernández Oxea, Conselleiro de Lugo, cidade en que tivo lugar no ano 1918 a primeira Asamblea nacionalista galega, acórdase tamén invitar a todos os irmáns afiliados ao Partido e levar durante un mes, a partir do 15 do corrente, corbata negra en sinal de loito.

Adótanse asimesmo difrentes acordos encaminados a procurar a publicación e a máisima difusión da valiosa obra patriótica do chorado escritor i-en relación cos seus fillos.

A proposa do irmán Alvarez Gallego, acordouse en principio na publi-

cación da dous libros: un en que se recolla o máis gravado da súa vasta obra patriótica e cultural en toda a variedade de aspectos que abrangue, folletos, artigos, conferencias, etc.; outro, especialmente adicado ao, seus traballos en col da autonomía do que se faga unha tirada grande pra espallar profusamente n-istes íntres en que o trunfo do Frente Popular pon de novo en marcha o Estatuto de Galicia.

**Xestión electoral do Comité Executivo**

Seguidamente, o irmán Gómez Román, como Segretario xeral i-en nome do Comité Executivo, expuso con toda amplitude a xestión electoral levada a termo por iste en cumprimento dos acordos adoptados a tal fin pola nosa II Asamblea extraordinaria.

Detallou con miudeza as incidencias producidas antes de que poideran ficar rematadas as candidaturas do Frente Popular en toda Galicia; o sacrificio xeneroso realizado polo Partido Galeguista pra evitar rompimentos que terían de redundar en perxicio de Galicia e da República, e, derradeiramente, o xuicio que mereceron do Comité a conducta observada polas Organizacións e persoas coas que ss mantiveron relacións.

**Xestión dos Comités electorales de circunscripción**

Despóis, Plácido Castro, pola Cruña; Alvaro Xil, por Pontevedra; Bóveda, por Ourense, e Alvarez Gallego e Fernández Oxea, por Lugo, informaron tamén coa amplitude necesaria en col do desenrolo das eleccións nas circunscripcións respectivas e da xestión realizada en tal senso polos Comités electorales do Partido que funcionaron nas mesmas en virtude do acordado pola II Asamblea extraordinaria. Os principais puntos tratados por cada un d-íles foron: pormenores da actuación do Frente en cada circunscripción, apreciacións en col da lealdade e comportamento dos seus compoñentes, resultados obtidos e impresións de conxunto.

**Acordos**

Escoitados istes informes, e despóis da intervención de varios Conselleiros pra pediren acararacións ou ampliacións n-algúns puntos, o Consello adoptou os acordos seguintes:

- a) Aprobar a xestión do Comité Executivo e dos catro Comités electorales de circunscripción desñados a efectos electorales;
- b) Redactar un amplo informe escrito, pra presentar no seu día á Asamblea do Partido e aos orgaismos superiores d-aquiles partidos cos que mantén o Partido pactos ou intelixencias con fins diversos;
- c) Facer constar en acta a satisfacción do Partido Galeguista polo brillante trunfo do Frente Popular, que siñifica o da República e da Galicia.

**Gastos electorales**

O Segretario de Organización expuxo a seguido o resumo de gastos que a loita electoral ocasionou ao Partido Galeguista, asegún o resultado que ofrecen os avances recibidos das catro circunscripcións.

Se elevan en números redondos a perto de 30.000 ptas. en toda Galicia.

O Consello adoptou a iste respeito os acordos seguintes, de conformidade coa proposta formulada polo Comité Executivo:

- a) Que os déficits que poidan resultar en cada unha das circunscripcións corran a cárgo da Caixa xeral do do Partido;
- b) Que, a tal efecto, os Comités electorales d-aquelas remitan con toda urxencia as correspondentes liquidacións definitivas;
- c) Facultar ao Comité para que adoute as medidas precisas para cubrir o descuberto que en definitiva poida resultar;
- d) Que siga aberta a suscripción para arbitrar fondos electorales, recomendando a todol-os Grupos e ímans contribúan a ela co maior entusiasmo.

**Cuotas de deputados e irmáns que desempeñan cárgos retribuídos**

En relación coa Caixa xeral do Partido, adoptáronse tamén os acordos seguintes:

- a) Que os deputados tributarán a ela o 10 por 100 da súa asinación.
- b) Que todolos irmáns que desempeñan cárgos públicos retribuídos tributarán igualmente o 10 por 100, excepto no caso en que asinación exceda de 1.000 ptas. mensuales, no que a tributación subirá ao 15 por 100.
- c) Que o Comité determinará a cuota, non inferior a outro 10 por 100, con que os deputados de cada circunscripción han de contribuir a amortizar o déficit da mesma, conforme ás liñas trazadas polo Consello para cada unha d-elas.

**Actuación futura dos nosos deputados**

O Consello pasou a estudar detidamente cal ha de ser a laboura que terán de realizar os deputados galeguistas, tanto en relación cos puntos e compromisos comprendidos no Pacto do Frente Popular como no que atinge aos problemas especificamente galegos.

Despóis de intervir case todol-os Conselleiros presentes e os deputados electos irmáns Castelao e Suárez Picallo, ficaron trazadas as liñas xeraes a que haberán de aterse, de acordo sempre co Comité Executivo.

As intervencións dos irmáns G. Román, Picallo, Alvarez Gallego, Castelao, Plácido e Xil, con acararacións pedidas pol-os irmáns Obella e Xohán S. Picallo, fixan ben as directrices do futuro actuar dos deputados galeguistas.

- a) En principio, e a reserva das xestións que faga o Comité, os deputados galeguistas manterán a súa total independencia, sen outra disciplina que a do Partido.
- b) Nos puntos comprendidos na intelixencia con I. R., e no Pacto do Frente Popular, os nosos deputados cumpriran con toda lealdade os compromisos adequeridos pol-o Partido, a condición de que se garde con nós a correspondencia debida.
- c) En canto atingue aos nosos principios doutriñaes e aos problemas especificamente galegos, a súa actuación responderá sempre á nosa obriga de nacionalistas.
- d) Procurarán desterrar os persoalismos e que todol-os deputados galegos formen bloque para a defensa da nosa Terra.

En nova xuntanza, despóis das xes-

tións que fará o Comité, ficará totalmente perfido o funcionamento do noso grupo parlamentario.

**Intelixencia con I. R.**

Coa intervención dos mesmos irmáns, foi analizada, cal debe ser a nosa actitude en relación coa intelixencia con I. R., tendo en conta a conducta observada pol-os orgaismos e representantes do referido Partido con motivo da pasada loita electoral.

Manifestáronse dú a s tendencias: unha partidaria de declarar rota tal intelixencia, por estimar que foi quebrantada xa pol-os representantes de I. R., outra, disposta a revisala sen chegar a aquil extremo, tendo previamente unha entrevista co Consello nacional de I. R.

Despóis de longa deliberación, prevaleceu a segunda, acordándose conceder ao Comité un amplo voto de confianza pra levar a cabo a referida entrevista e dar conta ao Consello dos resultados da súa xestión.

**Actividades do Frente Popular**

En canto se refire ao Programa e actuación dos Comités do Frente Popular, o Consello, logo de eisaminar detidamente iste punto, acordou circular a todol-os Grupos do Partido instrucións no senso de que procuren prestar a istes Comités a máisima asistencia, por consideralos orgaismos eficaces e insustituibles como conselleiros para o mellor cumprimento do Pacto, e para futuras consultas ao corpo electoral.

Entende, pois, o Consello que os nosos Grupos deben procurar que os Comités do F. P., constituídos con fins electorales, deben reorganizarse (onde non o estén xá), con istas dúas finalidades:

- 1.º, actuar de conselleiros para o cumprimento de todos e cada un dos puntos comprendidos no Pacto perto das Autoridades e Corporacións da respectiva localidade; pro sen que elo siñifique en ningún íntre nin mengua nin invasión das atribucións que a aquelas corresponden.
  - 2.º, preparación das eleccións municipais e axuda ao Plebiscito do Estatuto de Galicia, asegún o compromiso contraído pol-o Frente Popular.
- Encarrégase aos Grupos que actúen n-iste senso coa maior dilixencia e señan en todo íntre os mellores gardadores da autoridade e prestixio —a meio de unha laboura seria e ponderada— dos Comités provinciales e locais do Frente Popular.

**Segredarías provinciales**

A proposta do irmán Plácido R. Castro, ocupouse o Consello da necesidade de orgaizar en cada unha das catro capitales galegas unha Segredaría provincial.

O Consello, que non acepta, por doutriña, a arbitraria división provincial feita en Galicia pol-o Poder central, reconece a necesidade, constatada na derradeira loita electoral, de contar con orgaismos do Partido que, adaptándose á actual estrutura gale-

ga, permitan acometer con máis facilidade a laboura do Partido.

Ficou acordado que os Grupos das catro capitales tomen ao seu cárgo a orgaización das referidas Segredarías, desinando un irmán que se ocupe d-ela con toda urxencia e coas finalidades seguintes:

- a) Preparación das eleccións municipais e do Plebiscito, na parte que nos atingue.
- b) Xestións que se han de encarregar aos nosos deputados.
- c) Robustecimento da nosa Organización e Arquivo da mesma na provincia.

Os referidos Grupos deben mandar axiña o nome do irmán desinado, quen debe ser activo e disposto e manterá relacións directas coa Segredaría de Organización.

**Estatuto de Galicia**

A seguido, diuse conta dos inmutables requerimentos que se veñen facendo ao Partido encol do urxente Plebiscito do Estatuto de Galicia.

O Consello acordou velas coa maior satisfacción e simpatía e dar tras'ado d-íles ao Comité do Estatuto e aos catro Comités provinciales do Frente Popular, por entender que é misión do primeiro acordel-a convocatoria, conforme ao Decreto publicado por un dos Gobiernos Azaña, e compromiso formal dos segundos prestarlle todo o seu calor e apoio, sen perxucio do que pol-a súa parte lle adicará en todo caso o Partido.

**Data e pormenores do Plebiscito**

Sen perxucio do que poida decidir o Comité do Estatuto, cando se xunte a tal fin, o Consello formou xuicio encol da data que estime máis comenente, para a celebración do Plebiscito.

O preferibre, xa que un dos puntos do Estatuto é a reforma do réxime local galego, sería que se fixese en substitución das eleccións municipais o mesmo día sinalado para elas. Se ista idea do Partido non prosperase, manterase o criterio de que se celebren simultaneamente co elas, xa que non hai pra iso ningún impedimento legal.

Tocante a dirección do Plebiscito, estimase que debe corresponder íntegra o cárgo do Comité do Estatuto, coa colaboración dos Comités do Frente Popular e das Corporacións galegas que integran aquil Comité.

En punto á propoganda, o Consello, contra de unha opinión bastante xeneralizada, entende que debe ser moi intensa, en marcha ascendente, máis non moi longa: de 10 á 15 días como máisimo.

Os meios económicos precisos, que conforme iste plan non serán moitos, deberán ser aportados pol-as Corporacións que integran o Comité do Estatuto e administrados por iste, sen perxucio dos que poidan outerse por aportacións dos Partidos e na suscripción pública que se abra a tal fin.

(Remata na páxina 4)

**A todolos irmáns**

Como veredes pola referencia da xunianza do Consello feita o d rradair domingo, a proposta do irmán Fernández Oxea foi acordado que todolos irmáns leven durante un mes, a partir do día 15, corbata de loito pola morte do irmán Antón Vilar Ponte.

O Comité Executivo do Partido lemb a aos irmáns este acordo e agarda d-el-os o seu cumprimento.



# Lembranza de Antón Vilar Ponte

## ¡DEICA LOGO!

*Agora, xa pra sempre na Terra; serás terra da nosa Terra, terra galega todo corazón.*

A. I. ALVARIÑO.

Na serán do 4 de marzo de 1936 levamos á terra o cadavre de Antón Vilar Ponte: a fror e o froito que quixo ser semente. A terra douno e a terra levouno. Que a terra nol-o devolva!

Agora o noso irmán xa é terra da Terra, como Porteiro, Viqueira e Lousada; como Amado Carballo e Manoel-Antonio. A terra é amorosa e dá unha espiga por cada grao. A sementeira non pode perderse e as entranas da terra devolverán os nosos mortos á luz da Terra. Nascerán novas criaturas condenadas a morte, para seren tamén semente. E cada vez máis e cada vez mellor.

¿A Patria necesita tradicións para ter continuidade na Historia? Pois logo a terra necesita mortos gloriosos para ser unha Terra, e os soños destes homes son o núcleo xerminal cando morren e se trocan en semente. Antón Vilar Ponte renacerá en froes e froitos da Galicia que él maxinou.

...

Na serán do 4 de marzo de 1936 levamos o corpo de Antón Vilar Ponte ao cimiterio da Cruña, para deixalo na compañía de Curros, Pondal e Murguía. Acompañounos unha moitedume, en silencio doorosó. Uns choraban ao gran periodista, outros ao gran republicán, outros ao gran galego e outros ao diputado popular. E todos choraban ao home que con máis diñidade soupo levar a súa pobreza.

¿E nós? Nós levábase á terra-naí unha ofrenda sagrada: o corpo dun fundador. Nós asistíamos ao enterro de vinte anos da nosa vida. Nós éramos pantasma enloitadas, detrás dun ataude cheo de soños. Nós camiñábase, en silencio, a cavilar no segredo da morte e no senso do porvir. Eramos os testamentarios lexítimos dun gran patriota. Eramos a vida detrás da morte e con máis vidas detrás de nós. Eramos a renascencia detrás da loita e diante da victoria. Eramos «os bós e xenerosos».

...

Na serán do 4 de marzo de 1936 vin desaparecer para sempre a Antón Vilar Ponte, e naquel intre revivin os anos da miña mocidade.

Cando eu me consideraba o derradeiro supervivente dun pobo suicida, chegou a min a voz alentadora dun escritor. Era Antón Vilar Ponte. A súa chamada tivo a virtude de xuntar a uns poucos galegos que non-os oñecíamos, pero que dende entón ficamos unidos por vencellos que sómentes a morte vai rompendo... Vinte anos arreo durou a nosa amizade fraternal. Non houbo segredos nin ilusións que non-os comunicáramos, e as súas desventuras magoáronme tanto como as miñas doores o feriron a él. Eramos verdadeiros irmáns.

Eu sei que Antón Vilar Ponte revivirá no peito dos galeguistas mozos; pero eu non asistín ao enterro dun símbolo. Eu sei que non volveré a velo, que non me volverá a falar, que xa non me escribirá máis. E cando vin que desaparecía o meu vello compañeiro de loitas non pude reprimir esta despedida:

¡Deica logo, irmán!

CASTELAO.

## Expresión da nosa lembranza emocionada

Lémbrome que cando pubriquei os meus primeiros artigos n-un xornal galego recibín aos poucos días o alento e o estímulo d-unhas garimosas verbas de púbrica e inmerescida gabanza procedentes da pluma do mestre do xornalismo e da galeguidade, Antón Vilar Ponte. Nunca esquecin o que sinificou iste eloxio para un modesto principiante, e xurde agora a lembranza con nova intensidade na hora da morte do que era entón o mestre máis que o amigo, aínda que co tempo a amizade habría de superar todo outro sentimento.

Ista xenerosidade desinteresada era típica de Antón Vilar Ponte. Enlexamais ollou en ninguén, como o fan outros, o posibre rival, senon o compañeiro na labouira da diñificación de Galicia, a quen era preciso alentar e axudar. Ninguén o superou ni-sta xenerosidade en todol-os aspectos da vida. Cantos estiveron en contacto co-él recibiron algún favor. El, que endexamais pediu nada para sí, nin cando máis o precisaba, nunca se negou e serviu a quen solicitase a súa axuda...

Antón Vilar Ponte vivirá na historia da nova Galicia que está nascendo como un dos principais creadores da patria, apóstolo da galeguidade. Galicia ten moitos defectos, máis cábelles ao menos a honra de non esquecer aos que adicaron a súa vida a servila, sin pedir ningún premio material aos seus servicios. Ista inmortalidade non depende da nosa gabanza senon de que o home está incorporado para sempre ao espírito da Terra.

Máis, namentras viva o derradeiro

dos que coñeceron a Antón Vilar Ponte, ista fama da figura nacional de Galicia estará superada pol-a emoción da lembranza do amigo. Isa emoción que atopou expresión na comovedora, e certamente poucas veces igualada, devoción dos que rodeaban o seu leito de morte, perdida xa toda esperanza, e que levou a unha cidade enteira a acompañal-o seu corpo deica o seu lugar de repouso.

E triste pensar que hai fondas emocións que van morrer cando deixe de vivir o derradeiro entre os que as sintiron. Fainos desesperar a imposibilidade de traducir en verbas escritas toda a súa intensidade exquisita. ¿Mais non sería posibre conservar n-un libro algo do que sinificou Antón Vilar Ponte para os seus contemporáneos, un pouco da esencia vital do home, ademais dos feitos materiais da súa existencia e da súa labouira na vida púbrica de Galicia? Un libro que sería un exemplo para os homes do porvir. Un libro que non podería ser obra d-un só home, xa que tantos foron os que recolleron o tesouro de amizade e de nobre inspiración que espellou entre nós, sin sombra de avaricia, o querido amigo a cuia persoa, por desgracia, xa nada podemos ofrecer.

E teríamos así pol-o menos o consolo de sentir que restituíamos unha pequena parte d-ise tesouro. Consolo ben preciso cando pensamos que na morte de Antón Vilar Ponte se xuntan todol-os elementos que mais poden intensificar a nosa dór, o noso senso de unha traxedia sin remedio. O amigo querido, perdido para sem-

pre; o heroi que cae no campo da loita sacrificando a súa vida por un ideal; o loitador que morre precisamente no intre en que cecais i-a ver o comenzo do trunfo das ideas que defendera toda a súa vida; o colaborador de inestimabel valor perdido xustamente cando máis necesaria era a súa axuda e inspiración; o home que ten que deixar a vida cando i-a poder disfrutar d-un pouco do benestar material que a súa austera integridade lle impedira conquistar máis cedo, podendo gozar sómentes nos derradeiros e doorosos días da súa existencia da satisfacción de ver premiada a pureza da súa vida púbrica pol-o sufraxio dos cidadáns da súa terra; o pai que na súa agonía pensaba certamente con anguria, máis que nos sufrimentos físicos, na sorte dos fillos a quenes non poidera legar unha herencia material porque todo o que posee o tiña dado en vida a esta familia de irmáns que para él era Galicia...

¿Non hai eiqui algo meresciente da lembranza e de preservación, algo que pode mover incruso ás máis modestas e torpes plumas a atopar verbas dinas de expresar os fondos sentimentos que comoven hoxe o noso espírito?

PLÁCIDO R. CASTRO.

**CAFÉ GALICIA**  
Cantón Grande  
A Cruña

Prelo de LA POPULAR.—Charino Pontevedra



## Lembranza d-un irmán

Antón Vilar Ponte, amaba as leendas céltigas co amor saudoso e alboradeiro dos circios soadores nados no circo vibradoiro de lonxanías do hourizonte mariñán. Tremoroso de roteiros foi seu curto vivir queimado en puras chamas de sacrificio e por o maisonselado de arelanzas, camiñóusenos de acarón de nós unha mañán de neve marzal nas cumes e agromares de cerdeiras nos hortos galegos.

Pol-o camiño da morte soante das chamadas inmorredoiras que levaron á Deirdre irlandesa ao longo rematar desincarnado onde o ensoar é realidade e as estrelas, ardentes roseiras de conquereda esperanza.

Moitas veces—ténollo dito a Ramón Vilar—aprexando nos brazos o corpiño de Antón n-isas apertas dos galeguistas sempre tinxidas pol-a malenconía da posibel e derradeira despedida, eu sentía latexar seu curazón xeneroso como un paxáro de Armenteira de infinda armonía, desexoso de crebar a gaiola do corpo mortal. Sciña Antón sua dor con estóica elegancia requintada, e a verba entusiasta, precisa, irónica, na conversa e no traballo ceibaba acotío os froitos da rexa e inspirada paisón da Galeguidade.

Ao calar a palabra, ao cair da mán vencida a pruma sobor da derradeira coartela de Antón Vilar Ponte, fáise un silencio esconscado nas letras galegas.

Paixón xusticieira i-erguedora dende os primeiros anos, loitando en todos os frentes de combate, sen poua nin folgo, pois cada día raiba pra Vilar coa chamada d-un novo deber a prol da Terra, e aínda lle ficaba un recantiño no tempo xornaleiro pra labraren en alma e sangue galegas pequenas obras maestras de outo simbolismo estético ou guieiros de política, de ética galeguista entramas crás de escritos destinados a viviren namentras vivan o noso idioma e o sentimento da Galeguidade.

Semella pouco piadoso trazar análisis na obra d un home que aínda fai ben poucos días alentaba entre nós. A morte ténnos acostumbrado a seus favores senlleiros. Ela, escolma os millores zeluta de levar á suprema trascendentalidade do além as almas escolleitas. Na Céltiga a morte é soio relativa. Sabemos, por bondade de Deus, vivir na inesquecente compañía dos que foron. Mais iste sentimento de consóo ¿pódenos toller as bágoas e o laio ao mirálos camiñar deixándonos cada día un pouco mais sós diante a xiada indiferencia do mundo? Eu, agora, soio podo decir que o pasamento de Antón tolléume pra sempre a ledicia da primadeira.

A noite e o mar faguían ao enterro de Vilar Ponte un fondo de grandeza incomparabel. Alí estaba o pobo comovido e respetoso diante o misterio do pasamento do grande escritor que tiña pra il cada hora a verba, o consello, e o exemplo. Alí soou a voz dos rapaces galeguistas. Endexamais habemos esquencer aquí berro de amor comovido ao tempo protesta nena contra a ingratidade da sorte, e confianza radiosa no porvir.

Eu soio podo ter pra il, pra o irmán de pura arelanza, a oración que latexando en todos os curazóns non foi rezada pol-os absurdos trabucamentos do tempo.

R. OTERO PEDRAYO.

## OREMUS

Alá vail Outro máis. A adversidade cébase en nós, aceda, teimada, impracable. A niñada vai ficando valdeira. As vellas ponlas doutroira, resexan as súas froles máis ledas. O árbre da nosa nova galeguidade xa ten as raíces ao ar, reortas, frias, húmidas, xeladas, agoñizantes.

Alá vas xa, Antón Vilar Ponte, da mán de Viqueira, de Porteiro, de Lousada Dieguez, de Xurxo Lourenzo, de D. Salvador Cabeza. A tráxica trinidad de onte, multiprícase espantosamente. Un vai ficando soio, sen agarino, sen compañía. Poucos andan vivos, dos irmáns das primeiras xeiras. Un vento endiañado fóinos levando, como de súpeto, en cada revolta do rueiro.

Córrenme espantos por cada recantiño da i-alma. Quén será o próximo? En que porta baterán agora as Parcas insaziabres? E pol-o peito, salaiante de choros, e pol-os ollos, acugulados de bágoas, e pol-a gorxa, ardida de carpídos, pasan uns nomes: meia dúcea apenas. Entre os nomes, como so más, alá vou eu tamén, asubiando meu fado de presentimentos.

Alá vás, meu Antón Vilar Ponte; bon, xeneroso; traballadoren acogos, patriota sen medos, galego sen misturas; esperanza dos que foron, lembranza dos que teñen de ser. Cada día do ano a Patria tiña pra ti unha preocupación; cada intre do

## Lembranza d-un mozo

Verbas sobor de Vilar Ponte e o que él sinificaba, fan falla poucas, porque no pensamento de cantos aspiramos a un mañán millor para os nosos semellantes, está impresa a tristura que a súa morte nos produciu. Foi un gran galego, galeguista e amigo dos seus amigos.

E pra quén escribe istas liñas, mestre, animador e amigo. O libro que cecáis máis me impresionou na miña vida «O Mariscal», regaloume él e Casal alo pol-o ano 1926 sendo un meno.

Pra min Antón Vilar Ponte, non morreu nunca, porque desaparecido en corpo ficará sempre a car. n meu no esprto que deixou grabado na súa obra redentora e xenial.

XOHAN A. SUAREZ.

día, Galiza tiña pra ti unha arela. Eu choro no teu recordo os plantos máis quentes do meu corazón.

E vós rapaces, que estades a facer a mellor páxina das nosas historias zugade ben a leición desta vida eisemprar, óptima, multifecunda. Veleiñ un camiño. Póndevos a seguilo, co-a súa mesma fé, co-a súa mesma ledicia, co-a adicación que il tiña, e co-aquela constancia de bón traballador que non sabe repousos. Galiza, meus irmáns, perca o noso esforzo constante, cotidián. Qué ben s'upo, o irmán morto, sinalar os camiños!

ALVARO DE LAS CASAS.



# Lembranza

A F. M. G. de Celanova imprentou unhas cartulinas-esquela de lembranza de Antón Vilar Ponte que espallou entre todol-os galeguistas. Trátase de unha mañífica idea dos rapaces galeguistas de Celanova exempro de como traballan os nosos mozos. Di así a esque-la:

*Irmán*  
 Antón Vilar Ponte  
 Fundador das  
 Irmandades da Fala  
 Escritor e  
 Diputado nacionalista galego  
 Finou no Cruña o 4 de Marzal do  
 MCMXXXVI.

*Lembrá-noste pol-a Patria. Confía en nós irmán, tua obra no morrerá endexar-mais.*  
*Cando o camiño era negro tua verba foi firgoa acesa de fé t-es-pranza.*  
*Confía en nós irmán.*  
*No teu sartego total-as primadei-ras sentirás ledro recendo de froles nacionalistas.*



## En lembranza de Antón Vilar Ponte

### Saudades de tempos ídos

Se era a de Antón Villar Ponte unha personalidade rica de entendemento e de corazón, sabémolo ben os que poidemos gozar da súa nobre e cariñenta intimidade. Mais non era dos homes cuia personalidade se poda arredar da súa obra. Por ser esta da calidade que era, deitaba nela a alma enteira, sen gardar nada pra si, de sorte que, de calquera xeito que sexa, falar da súa vida ha ser facer historia da renacemento galego.

Deixou unha obra abundosa de xornalista, de literato, de crítico de arte, de propagandista político, de doutrinario nacionalista, mesmo de investigador e divulgador de coñecencias referentes á nosa Terra; mais todo ise labor de todolos días e de todalas horas, na súa polimórfica variedade, iba toda ela endereita a un fito que enraigaba no mais íntimo da súa personalidade. E unha obra unitaria e coherente, unha obra cuia idea nai colle corpo da maneira máis outamente sinificativa e coa meirande plasticidade e eficacia nas Irmandades da Fala. A proiección duradoira e activa da súa intención galeguista, foi a Irmandade que il iniciou, criou e fundou, a cual, polo tanto, temos que considerar como o principal da súa obra, pois por ela nos chamábase e nos tiñamos por seus irmáns, confirmando o dito de aquil que afirmou que os mais fondos sentimentos veñen das ideas.

Veleiquí que o noso Antón Aillar Ponte ven morrer precisamente cando logo se van cumprir os vinte anos da fundación, por il, da primeira Irmandade da Fala, data histórica que caí no mes de Maio do ano de 1916. O qual danos a sensación como se se pechara unha etapa da vida do galeguismo, verdadeiros anos heróicos en que se desafiaron todalas enemigas, isolados no meio dun hourizonte que semellaba pechado a toda esperanza.

Por mais que naqueles tempos, quen mais quen menos, apañou somentes espiñas e amargueiros como paga das suas ansias pola Terra nai; por mais que niles nos respondera tantas veces un sorriso compasivo que fería pungente e crudemente o amor propio dos ilusos «irmanciños», coído que todos temos unha fonda saudade de aqueles días.

Daquela estaban entre nós Lousada Diéguez, Viqueira, Antón Villar Ponte, os fundadores, os guieiros, os que nos deixaron o espírito do galeguismo, en estreita e increbante Irmandade. E foron vinte anos tan cheos, tan matizados de episodios, de proiec-tos, de realizacións, de decepcións, de vitorias e vencimentos, dunha tensión tan forte e ao mesmo tempo tan gustosa, como já non se volverán presentar na vida. Nen tan xiquera pode maginar aqueles anos quen nonos teña vivido conosco.

Quen nos volvera a aquil tempo en que nos nosos conciliábulos sempre ledos, de ton sempre ergueito, nos que as divagacións en col da arte, da historia, da literatura e da filosofía, ocupaban de cote moito mais tempo que a política, en que non houbo nunca un entrecello enrugado nen un ollar atravesado podíamos escoitar as voces alegres e espranzadas de aqueles benqueridos irmáns que se nos foron!

VICENTE RISCO.

### F. M. G.

#### Grupo de Santiago

No local do Grupo de Santiago pronunciou o irmán del Riego unha interesante conferencia encol do tema «Algunhas afirmacións do nacionalismo galego».

O local estaba materialmente ategado de público.

Del Riego fixo unha valente e firme exposición das ideas nacionalistas afincándoas con forte argumentación. Distinguiu os conceptos de Patria e Nación decindo que Hespaña non chegou a conquistar a unidade política. Fixo historia dos movementos galeguistas afirmando que o galeguismo está avencellado a todol-os patriotismos do mundo vivindo na entrana de unha ecumenidade e traballando no cerne vivo das nacionalidades europeas.

Defiñe o falso concepto do patrio-

tismo hespañol, e defende unha nova estruturación do Estado.

Del Riego foi longamente apraudido resultando a súa conferencia un gran acto de propaganda nacionalista.

\*\*\*

O derradeiro día 5 celebrou Xuntanza iste grupo da F. M. G. baixo a presidencia do irmán Enrique González García Paz.

Primeiramente o Segretario de propaganda, irmán Xaime Vidal Rei pronunciou unhas sentidas verbas en memoria do noso benquerido Antón Vilar Ponte, e dixo que pechou pra sempre os ollos pensando na súa—na nosa Galicia libre, envolto na bandeira azul e branca descendeu a campá no cimenteiro da Cruña. Fai un chamamento os mozos presentes e dille que se fixen na obra do esgrevio nacionalista. O noso precursor das irmandades aínda non morreu—engadexa que o seu espírito xunto n-istes intres co-

Antón Vilar Ponte foi o escollido pol-os Precursores para lle dar continuidade á súa obra.

No 1916 fundou a Irmandade da Fala da Cruña. Aos poucos meses ingresei n-ela e... deica a data.

Maxinade o que sinifica convivir fraternalmente durante tanto tempo con un home como Vilar Ponte. Pense que esa convivencia, que en nós os galeguistas é irmandade, tivo un motivo: o Galeguismo.

Non é mester decir máis para decatarse do que para min representa a súa morte.

Decir que Antón Vilar Ponte non morreu non é un tópico Homes como él non morren nunca.

Antón Vilar Ponte foise a dar conta aos Precursores de cómo cumpríu o seu mandato. Está cumprindo unha misión e repousando da súa laboura de vinte anos. Ben mercesce un descanso.

Deixádeo que repose. Si tardara en voltar, iremos a percuralo.

Sin preocupación xa que aquí fican d-abondo irmáns que continúan a obra patriótica que Vilar Ponte iniciou.

Eses rapaces que me fan lembrar os comezos do Galeguismo. Cando eu aínda era un neno...

VICTOR CASAS.

de Porteiro, Lousada, Viqueira e outros que nos deixaron vibra, latexa en nós, e nos sirven d-alento pra loita pol-a Suevia aldraxada.

Pensem os irmáns—fala—en erguer a bandeira que cobreu o cadaver de Vilar Ponte, procuremos que a súa desaparición nos xunte máis a todos e que a súa tomba seña un santuario de cidadanía onde todol-os mozos da Galicia nova cos espíritos enloitados vaíamos a encender máis e máis o noso Patriotismo na súa lembranza. O rematar ista oración gárdase un minuto de silencio, e acordouse 1.º Orgaizar unha velada necrolóxica na súa memoria e 2.º Editar uns cantos artigos seus de carácter nacionalista.

N-ista xuntanza tratáronse diversos asuntos relacionados coa mellor marcha da orgaización como os relativos a legalización dos Estatutos, a creación de seccións (deportiva-políticas etc...)

Como remate cantáronse os himnos de Brañas e nacional Galego, asistiron moitos irmáns que demostraron o máis outo entusiasmo.

#### Correspondencia administrativa

A. Segundo García. Barco de Valdeorras.—Recibido xiro de pesetas 43 dos recibos. Gracias.

Gabriel Manso. Franza.—Recibido xiro de pesetas 8'50 da liquidación dos paquetes.

## Aniversario

N-este mes de Marzal cúmprense os aniversarios da morte do Curros Enríquez e Pondal.

Fai vintaoito anos da morte de Curros. Fai dazanove que morreu Pondal.

Mes de Marzal que ten para Galicia outa sinificación por estas mortes.

Mes de Marzal no que tamén Antón Vilar Ponte abandonounos para facer compañía aos Precursores.

N-este mes, A NOSA TERRA lembra a Curros e Pondal e con eles a cantos abriron o camiño da nosa liberdade e sinalaron os vieiros do Galeguismo.

Que todolos irmáns lembren hoxe aos nosos mortos.

### XA PRA SEMPRE NA TERRA

Sempre pol-os camiños da nosa Terra, levantando camiños de sono, Galaxias verdescentes con antigas barcas estelares. Levaches na tua i-alma a Galicia de todo o tempo. A Galicia de hoxe e de mañán gardará a túa i-alma na verba ancha e verdegada que ti sementache nas aradas novas do futuro.

Qué ben a túa i-alma nas centeiras farturentas de Galicia nova!

Vilar Ponte, vilar de vilares galegos de outas sementeiras! Agora, xa pra sempre na Terra; serás terra da nosa Terra, terra galega toda corazón!

AQUILINO I ALVARINO.

### ALCALDES GALEGUISTAS

Ademais do irmán Casal que preside hoxe o Concello compostelán, outros irmáns galeguistas foron designados alcaldes eleixidos pol-as comisións xestoras nomeadas despóis do resultado electoral.

En Viveiro, no que están tres representantes do Partido, foi eleix do alcalde o irmán Balbino Cerdeiras.

En Bueu, Xohán Carballeira preside o Concello por acordo unánime dos xestores entre os que figuran catro representantes galeguistas.

En Sada, no intre en que sexa repostado o Concello de elección popular de Abril do 31, voltará a alcaldía ás mans de Xusto Rodríguez, presidente do noso grupo, e alcalde popular durante o primeiro bienio.

Temos que recoller con satisfacción estes nomeamentos non pol-o que sinifique politicamente sinon pol-o que representa de confianza para os homes do galeguismo que n-estas actividades demostrarán a súa austeridade e competencia.

### Traballos de Encuadernación

Facer os encárragos na imprenta LA POPULAR.—Charino, 7

### O fogar de Vilar Ponte

A morte dos millores, dos máis esgrevios paladíns do galeguismo xa se fixo tópico entre nós como secuencia da teima odiosa con que a galega da escarnada seiturou, un tras outo, os máis xurdios homes da nosa comunión.

Vilar Ponte caíu no combate, como os bos gladiadores, co as armas na man, loitando con barudeza e despóis de haber ganado noblemente a súa, por hoxe, derradeira batalla. Ademirabel exempro pra os que seguimos os vieiros por il trazados.

E non será, de certo, iste o derradeiro combate que a prol do trunfo galeguista gane Vilar Ponte, pois si o seu corpo se foi a misturar co a Terra Nai, o seu espírito vive perenne entre nós e serviranos de alento como deantes, como onte, como sempre.

Entre os moitos eixemplos que a súa vida modelo nos deixou a os galeguistas eu quero destacar eiquí o agarimo e a firmeza con que o irmán Vilar Ponte soupo facer do seu fogar o primeiro fogar enxebremente galeguista. Fidelmente secundado pol-a súa dona, arrebatada tamén pol-a morte tan a destempo como il, na súa casa rendíase a cotío un culto a Galicia que deixou fonda amosegas nos que algunha vegada tivemos a sorte de recibir tal lección. Si todol-os fogares dos galeguistas foren atal e como foi de por vida o de Antón Vilar Ponte, haberíase dado un gran paso na galeguización da nosa terra. Sigamos, pois, todos a conducta por il trazado e iste será, de seguro, o millor homaxe a súa morte que hoxe choramos.

BEN-CHO-SHEY.

Vda. de Pío S. Carrasco  
 (CASA FUNDADA NO 1894)  
 Axente Comercial de Aduanas Colexiado  
**FLETAMENTOS,**  
**CONSIGNACIÓNS,**  
**TRÁNSITOS.**  
**VILAGARCIA**  
 TELEGRAMAS: CARRASCO  
 APARTAMENTO NÚM. 3



Redacción-Administración:  
Rúa de Tetuán, 2-1.º—Pontevedra  
SUSCRICIÓN: 4 pesetas semestres. Pago adelantado.  
Número solto: 15 cts.

# A nosa terra

SEMANARIO DO PARTIDO GALEGUISTA

Año XX

Galicia, 13 de Marzo do 1936

Núm. 405

Declaración de principios do P. G.

- I. Galicia, unidade cultural.
- II. Galicia, pobo autónomo.
- III. Galicia, comunidade cooperativa.
- IV. Galicia, célula de universalidade.

## FONDO ELECTORAL

### Chamada a todos os Grupos e irmáns

O noso Concello Nacional, na súa xuntanza de Santiago, aseguña a nota que foi dada a prensa, acordou: «que siga aberta a subscripción para arbitrar fondos electorales, recomendando a todos os Grupos e irmáns que contribúan a ela co maior entusiasmo».

A Segredaría de Organización, na Circular dirixida aos Grupos, que reproducimos n-outro lugar, di:

«FONDO ELECTORAL.—Non están aínda rematadas as liquidacións definitivas de gastos electorales do Partido. Mais, asegúñase os primeiros avances recibidos no Comité, andarán ao rente de 30.000 pesetas, cifra a que non chegan nin os fondos do Partido nin as aportacións que a tal fin fixeron deica agora Grupos e irmáns.

O Concello, en ben da unidade e prestixio do Partido, entendeu que debía facerse cargo dos déficits que resultan nas catro circunscricións. Mais considérase no caso de facer a todos os Grupos e irmáns un novo e solene chamamento. Compre que todos axuden. Ninguén debe regatear o seu esforzo. Non haberá ningún galeguista por probe e humilde que seña que non poida aportar a súa peseta. Hai moitos que poden aportar bastante máis.

De todos agarda o Concello unha proba de fervor. Fica, pois, aberta a subscripción para fondo electoral. As aportacións deben remitirse a Oficina do Partido, Tetuán, 2, 1.º»

A NOSA TERRA está segura de que Grupos e irmáns se decatarán da importancia do chamamento que lles fan tanto o Concello como a Segredaría de Organización.

O feito de que os organismos directivos do noso Partido tomen ao seu cargo o déficit electoral que en toda Galicia poida resultar debe ser motivo dabondo igual para a ledicia de todos vendo como o Partido Galeguista dá unha proba admirable de maioría de idade, como para que todos tamén sintan a obriga de axudar con intrínseco e patriótico n-ista empresa.

O noso Partido está dando exemplos d-un novo actuar político non ensaiado por agora na nosa Terra.

Compre que todos os Grupos e irmáns o comprendan así, e faciliten coa súa axuda entusiasta o camiño emprendido: que é o único camiño de redención das velhas costumes, que o Galeguismo ven a desterrar.

A subscripción sigue aberta. Agardamos a urxente colaboración de todos.

## EXEMPLOS

### Ante a próxima anulación das actas de Ourense

Está na concencia de todos que as eleccións de Ourense (ise «xigantesco straperlo electoral montado con todas as complicidades para estafar a cidadanía», según feliz calificación do irmán Bóveda) teñen de ser anuladas.

Hai unha proba moral abrumadora: toda a acta de escrutinio—46 pliegos a máquina, ben aproveitados, cheos de feitos monstruosos e irregularidades inconcebibles—e, sobor de todo, o VOTO EN CONTRA DA PROCLAMACION que emitiu a maioría da Xunta provincial do Censo.

Abondaría xa iso, para que un Parlamento solvente e digno anulase tales eleccións. Pro hai, ademais, unha proba documental abrumadora tamén: Atestados, actas e testimoñas de presenza dos vergoñentos feitos denunciados no escrutinio; certificacións probatorias de que se suplantou o voto de mortos, ausentes i-enfermos; porcentaxes inauditos, etc. etc.

Será inútil que «El Pueblo Gallego» queira tomar a broma a home de tanta solvencia moral e de tanto prestixio como o Sr. Martínez Risco, defendendo, de camiño, a tráfugas tan calificadas como Ramos Cerviño, Villanueva, etc., je incluso a Calvo Sotelo e os seus vástagos!

Inútil, porque, ademais de todas isas probas hai un Parlamento republicán i-esquerdista que non se deixará sorprendere por ningunha argucia.

Se o Sr. Portela quer defender a acta que lle vai disputar o Emiliano que busque outros trucos e mellor camiño...

Coidamos que se nos entenderá dabondo sin que teñamos necesidade de insistir e de sermos máis explícitos.

Non seremos nós quen lle poñamos chiniñas no camiño; mais que se

seipa que vivimos avisados e que non deixaremos sorprendernos.

En relación co iste mesmo asunto, unha nota simpática. Un irmán residente n-un pobo de Pontevedra dirixiu á Segredaría a seguinte carta:

«Irmáns: enterado por A NOSA TERRA que non será tarefa traballosa anular as eleccións de Ourense, poño en conocimiento de vostedes que se compre un irmán disciplinado pra representar a Bóveda n-algún Colexio dabon contar connigo».

Todol-os días se reciben ofrecimentos semellantes. Fixérona tamén os deputados, i-en Pontevedra fálase incruo de orgaizar un tren especial.

A repetición das eleccións de Ourense será a Romería da cidadanía galega, como alguén afirmou xa con acerto.

## Política galega

Galegos e irmáns meus: a nosa nai Galicia que tantos sufrimentos ten levado por nós, encóntrase n-iste instante algo máis aliviada da súa postración en que a tiñan abandonada os que non se doían dela; agora xa entrou no período da convalecencia e tras deste ten que vir da a fermosura e progresividade, para eso temos que todol-os Galegos axudala a que se governe ela con nosa axuda sin precisar de que veñan a facelo xente des onocedora do que a ela lle poda afectar; para eso todol-os Galegos temos que traballar por ela como si fose a por nós mesmos; agora non se trata de un traballo manual nin material sinón de un traballo moral que consiste en fagerlle ver aos nosos irmáns enganados que a única salvación da súa nai pátria é a Autonomía estas nove letras que equivalen e significan liberdade de milleiros de escla-

## A xuntanza do Consello Nacional

(Ven da primeira páxina)

### Voto de confianza ao Comité

Para a mellor e máis urxente realización d-istes puntos e dos anteriormente indicados, acórdase conceder un voto de confianza ao C. E., que coa colaboración dos deputados e forzas políticas afíns, levará a cabo cantas xestións estime necesarias.

### Xestoras provinciais e municipais

Fica determinado o criterio que en relación co-istes puntos manterá o Partido ante os Comités provinciais do Frente Popular e as Autoridades da República.

As representacións do Partido levarán o mandato de faceren unha severa laboura administrativa, encamiñada a diñificar as Corporacións galegas e correxir as extralimitacións numerosas que aparecen n-elas.

Ademais das instrucións dadas aos Conselleiros respectivos, circularanse aos irmáns desñados pra ocupar postos en tales Corporacións outras máis detalladas e sobor d-aquiles puntos concretos que o Concello considerou imprescindibles vixiar.

### V Asamblea do Partido

O Concello ocupouse da comenencia de sinalar data para a celebración da V Asamblea ordinaria do Partido. Varios conselleiros expuxeron a súa opinión encol do particular acordándose deixala a celebrar para o mes de Maio dando con elo lugar a que a vida política de Galicia sexa normalizada co-as eleccións municipais e o Plebiscito.

Os Grupos deben ir pensando xa na organización da Asambrea i-propostas a discutir n-ela.

### Reforma dos Estatutos do Partido

Suárez Picallo propón que os Estatutos do Partido sexan reformados en algúns puntos con ouxeto de lle dar maior elasticidade á actuación dos Grupos locais en relación con custións de carácter provincial que determina a división política e administrativa de Galicia.

Algúns irmáns interveñen no debate e acórdase reconecer a comenencia de facelo para o maior rendemento da nosa actuación política. O Comité fica encarregado de levar á V Asambrea uns projectos d-acordo coas liñas marcadas no Consello.

### Grupo de Lugo

Acórdase indicar ao Grupo de Lugo se reintegre ao Frente Popular d-aquela circunscrición do que se arredou momentaneamente por virtude de certos tratos que considerou inxustos.

O Concello reconeceu a razón que por enteiro asiste ao noso Grupo lucense máis en proba de harmonía e de necesidade reconoceda publicamente polo Partido de que os Frontes populares non se disolvan recoméndalle a súa incorporación pensando no rendemento de unha eficaz laboura a prol dos intereses de Galicia e da República na provincia de Lugo.

### Remate do Consello

Perto das nove da noite o Consello remata a súa xuntanza da que fica feita reseña cos acordos de cuia importancia decataransen todol-os Grupos e irmáns. O Comité prega a todos o seu cumprimento e desenrolo de actividade en todas partes n-este intre de extraordinaria importancia para Galicia e o seu porvir político.

vos Galegos e outras cousas mais.

Galegos; a política Autónoma é unha política continúa e non alterna ou de comenencia como son outras que soio cando precisande vós, é cando se lembran de prometer algunha cousa para logo non facela. Innáns eu polo que mais queirades rógovos que os que estedes no sono da ignoranza que si tedes a ocasión de sair dil non a perdedes.

Pola liberdade, pola xusticia, pola Democracia, polo ben estar de Galicia e o voso, ser autónomos, que é a mellor relixión que se conoce no noso chan.

RICARDO P. VAZQUEZ.

## Para os grupos e irmáns

### Circular da S. de O.

Queridos irmáns:

Os feitos están poñendo de manifesto a necesidade de que o Comité amplie as instrucións que se veñen dando dende A NOSA TERRA. Así o entendeu o Consello do Partido na súa xuntanza do pasado domingo. A encher a referida necesidade vai encamiñada ista Circular:

FRENTE POPULAR.—Estima o Consello que é da máisima comenencia que os Comités do F. P., constituídos con fins electorales, se reorgaicen (onde non están xa), con istas dúas finalidades: 1.ª, vixilar o cumprimento de todos e cada un dos puntos comprendidos no programa do Frente, actuando como conselleiros dos Gobernadores, Diputacións e Concellos; 2.ª, preparación das eleccións municipais e do Plebiscito do Estatuto de Galicia. Sen que elo sinifique en ningún intre nin mengua nin invasión das atribucións que corresponden as Autoridades da República, coas que actuarán de acordo.

Compre, pois, que os nosos Grupos actúen n-iste senso con dilixencia e señen en todo intre os mellores gardadores da autoridade e prestixio dos Comités provinciais e locais do Frente Popular.

FONDO ELECTORAL.—Non están aínda rematadas as liquidacións definitivas de gastos electorales do Partido. Mais, asegúñase os primeiros avances recibidos no Comité, andarán ao rente de 30.000 ptas., cifra á que non chegan nin os fondos do Partido nin as aportacións que a tal fin fixeron deica agora Grupos e irmáns.

O Concello, en ben da unidade e prestixio do Partido, entendeu que debía facerse cargo dos déficits que resultan nas catro circunscricións. Mais considérase no caso de facer a todos os Grupos e irmáns un novo e solene chamamento. Compre que todos axuden. Ninguén debe regatear o seu esforzo. Non haberá ningún galeguista por probe e humilde que seña que non poida aportar a súa peseta. Hai moitos que poden aportar bastante máis.

De todos agarda o Concello unha proba de fervor. Fica, pois, aberta a subscripción para fondo electoral. As aportacións deben remitirse á Oficina do Partido, Tetuán, 2, 1.º

PLEBISCITO DO ESTATUTO GALEGO.—Deuse conta ao Consello dos innumerables requerimentos que se veñen facendo ao Partido en relación co urxente Plebiscito do Estatuto.

O Concello acordou velas coa maior satisfacción e simpatía e dar traslado d-eles ao Comité Central do Estatuto e aos do Frente Popular, por entender que é misión do primeiro acordala convocatoria e compromiso dos segundos prestarlle todo o seu calor e apoio, sen perxucio do que pol a súa parte haberá de lle adicar en todo intre o Partido.

O Concello formou xuicio encol da data e demais pormenores comentos, e fará n-ista mesma semana as xestións do caso. Compre que os nosos Grupos e irmáns se dispoñan a actuar e fagan perto dos nosos aliados e simpatizantes o ambiente preciso, pois poidera ser que o Plebiscito se celebrase o mesmo día das municipais.

LOITO POL-O IRMÁN VILAR PONTE.—Acordouse recomendar a todol-os irmáns que a partir do 15 do corrente, e durante un mes, poñan corbata negra en sinal de loito pol-a morte do irmán Vilar Ponte.

Seguros de que istas indicacións serán atendidas con entusiasmo, mándavos unha aberta voso irmán na Terra.

ALEXANDRO BÓVEDA.

## A Autonomía, necesidade política

Falamos xa de abranguer a autonomía, como principio fundamental e aspiración inmediata d-un pobo, dunha nazonalidade asoballada. Falemos agora do que significa politicamente, administrativamente, o Estatuto.

A descentralización, en todol-os sistemas económicos e xurídicos, ten unha base razonabel: a de verificar o mais axiña e o millor posibel, todas as labours. Evitando ao mesmo tempo que a centralización cometa erros difíciles de rectificar. D'eiquí a liberdade administrativa das cidades e das pequenas vilas, constituindo os Concellos ou Municipios. E mais por iso, ninguén protesta de ista autonomía municipal. Ninguén se opon á liberdade administrativa das vilas grandes ou pequenas. Somente, cando falamos da autonomía rexional—da autonomía das nazonalidades—temos tras de nós, todo o cortejo de iñorantes ou de quen non iñorando, pretenden amostrarnos un trabucamento que estamos moi lonxe de admitir.

Estamos seguros de que a nosa posición, non é equívoca. Mais si a d-éles cando fortalecendo as autonomías dos Concellos, negan as autonomías d-unha colectividade de Concellos. O mesmo qué, admitindo un troque de nazonalidade do individuo illadamente, non admitemen o troque de nazonalidade d-unha colectividade de individuos. Cando ninguén pode abaiarse de que, hoxe Galicia é unha nazonalidade baixo o Estado hespañol, pro máñan se por calquer circunstanza, Galicia pasara a ser de dominio d-outro Estado calquera, xa non sería hespañola, mais non deixaría de ser Galicia.

Políticamente a autonomía, coma racionalmente, é un dereito negado pol-os intrasados en asoballar aos pobos. Mais onde hai un imperialista hai tamén un exprotador do home. E por consecuencia, un home exprotado. Un home exprotado namentras non poida apachocar ao seu nemigo. E a autonomía, é coma unha marxe de certa liberdade, de certo dereito a dispoñer de si mesmas, ás nazonalidades exprotadas, ás colectividades oprimidas. Mais alá da autonomía, continúa o camiño, o camiño sen fin, por onde a Humanidade vai tras da liberdade do seu espírito e do seu materialismo. Mais o horizonte vislumbrado dende o comezo do camiño, a cada paso que damos hácia a nosa aspiración, exténdese máis alá. Non ten límites. Non ten máis que iso: liberdade sin obstáculos.

Co centralismo foi posibel o caciquismo máis retardatario do progreso

FAUSTO BRAND,